

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026388	IES Plurilingüe Fontexería	Muros	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación Dixital	3º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	9
4.2. Materiais e recursos didácticos	9
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	10
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	10
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	11
6. Medidas de atención á diversidade	11
7.1. Concreción dos elementos transversais	12
7.2. Actividades complementarias	13
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	14
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	14
9. Outros apartados	15

## 1. Introducción

A educación dixital desenvolve un papel fundamental na sociedade actual porque proporciona un conxunto de coñecementos e de técnicas que permiten satisfacer as necesidades individuais e colectivas. Neste sentido, esta materia achégalle ao currículo a capacidade de analizar e redeseñar a relación entre os dispositivos tecnolóxicos e as necesidades sociais, ámbito no que a innovación e a constante renovación que lle son propias dotan esta materia dunha gran relevancia educativa. Na resolución de problemas con ferramentas dixitais conxúganse, ademais da innovación, elementos como o traballo en equipo ou o carácter emprendedor, que son imprescindibles para formar unha cidadanía autónoma e competente. Ademais, o coñecemento das tecnoloxías da información proporciona unha imprescindible perspectiva científico-tecnolóxica sobre a necesidade de construír unha sociedade formada por unha cidadanía crítica con respecto ao que acontece arredor dela.

Esta materia ofrece un inmenso potencial para axudar a comprender o contorno social e para desenvolver un conxunto de competencias relacionadas tanto co contexto profesional como coas formas que a participación cidadá está a adoptar no contexto da dixitalización e que afectan por igual os ámbitos social e do desenvolvemento persoal.

A materia de Educación Dixital trata de achegarlle ao alumnado as habilidades necesarias para adaptarse aos cambios no ámbito dixital. Deste xeito, estrutúrase en catro bloques: «Dispositivos dixitais e sistemas operativos», «Creación e edición de información e contidos dixitais», «Pensamento computacional» e «Ética e seguridade dixital», os cales tratan aspectos moi relacionados entre si, que son necesarios para que o alumnado poida desenvolverse con soltura e seguridade nos ámbitos profesional e persoal.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos dixitais, identificando os elementos que os compoñen e a súa función no conxunto, configurando as súas características en función das necesidades persoais e mediante diferentes medios dixitais para poder organizar a información dun xeito eficaz.				2			3	
OBX2 - Organizar, deseñar e producir información dixital de forma individual e colectiva utilizando as ferramentas máis adecuadas para a súa publicación e difusión facendo un uso responsable e ético das tecnoloxías aplicadas.	3	2-3	4	1-2-3	3-4	1-2-3-4	3	4
OBX3 - Desenvolver algoritmos e aplicacións informáticas en distintas contornas, aplicando os principios do pensamento computacional para crear solucións a problemas concretos cunha actitude emprendedora, perseverante e creativa.				5	5			
OBX4 - Xestionar e protexer a pegada dixital aplicando medidas preventivas para identificar e reaccionar ante riscos e ameazas ao benestar persoal, facendo un uso responsable e ético da información e a comunicación dixital.	2	3	5	3-4	1-2-5	2-3	1	

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Equipos informáticos e sistemas operativos	Utilización de equipamentos informáticos, identificando os elementos que os configuran e a súa función no conxunto. Mantemento de sistemas operativos, configurando as súas características en función das súas necesidades persoais.	12	13	X		
2	Organización da información	Almacenamento da información: operacións básicas de organización e copias de seguridade.	7	7	X		
3	Producción ofimática	Formatos de arquivos. Formatos abertos. Estándares de formato na produción de información dixital. Procesos de produción de documentos con aplicacións ofimáticas e de deseño gráfico. Maquetación, aplicación de estilos e formatos. Índices interactivos. Importación de imaxes e gráficos. Operacións básicas en follas de cálculo. Creación de gráficos. Elaboración de informes sinxelos.	14	15	X		
4	Producción multimedia	Tratamento básico da imaxe dixital. Presentacións en distintas plataformas dixitais, integrando elementos multimedia. Colaboración en rede. Ferramentas de creación de contidos e aprendizaxe colaborativa na rede.	14	15	X	X	
5	Estruturas básicas de programación	Utilización de estruturas básicas de programación. Uso de datos. Constantes e variables.	14	15		X	
6	Programación mediante contornas gráficas	Desenvolvemento de aplicacións sinxelas para computadores e/ou dispositivos móbiles mediante contornas de programación gráfica.	14	15		X	X
7	Seguridade informática	Seguridade de dispositivos. Xestión de contrasinais. Recursos para a protección da información e datos persoais, da identidade e dos contidos dixitais. Configuración en espazos virtuais de traballo.	10	10			X
8	Internet e redes sociais	Seguridade na saúde física e mental: aplicacións ou medidas que deben adoptarse fronte aos riscos e ameazas ao benestar persoal. Opcións de resposta. Situacións de violencia e de risco na rede.	10	10			X
9	Dereitos de autor e licenzas en internet	Uso de recursos e contidos de dominio público ou con licenzas que permitan o seu	5	5			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	Dereitos de autor e licenzas en internet	uso.	5	5			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Equipos informáticos e sistemas operativos	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar equipamentos informáticos, identificando os elementos que os configuran e a súa función no conxunto.	Identificar os componentes esenciais dun equipo informático e diferenciar as súas funcións	PE	50
CA1.2 - Manter sistemas operativos, configurando as súas características en función das súas necesidades persoais.	Coñecer os sistemas operativos máis común, manexar o escritorio de traballo dun sistema operativo e personalizar o entorno de traballo	TI	50

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Arquitectura de computadores: elementos, montaxe e configuración.
- Sistemas operativos: configuración de usuario e operacións básicas de organización.

UD	Título da UD	Duración
2	Organización da información	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Organizar a información de maneira segura, utilizando diferentes medios dixitais para a procura rápida e eficaz na súa xestión.	Organizar a información no almacenamiento secundario e realizar operacións básicas con arquivos e cartafoles.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Almacenamento da información: operacións básicas de organización e copias de seguridade.

UD	Título da UD	Duración
3	Producción ofimática	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Crear, integrar e reelaborar contidos dixitais de forma individual ou colectiva, seleccionando as ferramentas máis apropiadas para xerar novo coñecemento e contidos dixitais de maneira creativa.	Crear contidos empregando unha ferramenta básica de edición de textos e unha folia de cálculo, e posteriormente presentar os contidos.	TI	100
CA2.2 - Interactuar en plataformas dixitais, compartindo e publicando información e datos, cunha actitude participativa.	Compartir de forma colaborativa pola rede traballos de ofimática empregando máis dun formato.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Formatos de arquivos. Formatos abertos. Estándares de formato na produción de información dixital.</li> <li>- Procesos de produción de documentos con aplicacións ofimáticas e de deseño gráfico. Maquetación, aplicación de estilos e formatos. Índices interactivos. Importación de imaxes e gráficos.</li> <li>- Operacións básicas en follas de cálculo. Creación de gráficos. Elaboración de informes sinxelos.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	Producción multimedia	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Crear, integrar e reelaborar contidos dixitais de forma individual ou colectiva, seleccionando as ferramentas máis apropiadas para xerar novo coñecemento e contidos dixitais de maneira creativa.	Manexar unha ferramenta básica de edición de imaxe dixital para crear contidos e inserilos nunha presentación dixital.	TI	100
CA2.2 - Interactuar en plataformas dixitais, compartindo e publicando información e datos, cunha actitude participativa.	Exportar unha presentación en diferentes formatos, publicala e compartila de forma colaborativa na rede.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Tratamento básico da imaxe dixital.</li> <li>- Presentacións en distintas plataformas dixitais, integrando elementos multimedia.</li> <li>- Colaboración en rede. Ferramentas de creación de contidos e aprendizaxe colaborativa na Rede.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	Estruturas básicas de programación	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender o fundamento básico dos algoritmos e diagramas de fluxo utilizando contornas de programación gráfica.	deseña diagramas de fluxo sinxelos empregando contornas gráficas.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Utilización de estruturas básicas de programación.</li> <li>- Uso de datos. Constantes e variables.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	Programación mediante contornas gráficas	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender o fundamento básico dos algoritmos e diagramas de fluxo utilizando contornas de programación gráfica.	Deseñar diagramas de fluxo sinxelos empregando contornas gráficas.	TI	100
CA3.2 - Desenvolver aplicacións sinxelas para computadores, dispositivos ou móbiles, dando solución a problemas definidos cunha actitude emprendedora, perseverante e creativa.	Elaborar de forma guiada unha aplicación mediante contornas de programación gráfica que resolva un problema sinxelo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Utilización de estruturas básicas de programación.</li> <li>- Uso de datos. Constantes e variables.</li> <li>- Desenvolvemento de aplicacións sinxelas para computadores e/ou dispositivos móbiles mediante contornas de programación gráfica.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
7	Seguridade informática	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Protexer os datos persoais e a pegada dixital xerada en Internet, configurando as condicións de privacidade das redes sociais e en espazos virtuais de traballo.	Protexer os datos persoais nunha rede social configurando correctamente as condicións de privacidade da rede social.	PE	100
CA4.2 - Xestionar contrasinais nos distintos servizos e dispositivos dixitais de uso habitual.	Crear e xestionar contrasinais seguras no correo electrónico e nunha rede social.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Seguridade de dispositivos. Xestión de contrasinais.</li> <li>- Recursos para a protección da información e datos persoais, da identidade e dos contidos dixitais. Configuración en espazos virtuais de traballo.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
8	Internet e redes sociais	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Xestionar contrasinais nos distintos servizos e dispositivos dixitais de uso habitual.	Crear e xestionar contrasinais seguras no correo electrónico e nunha rede social.	TI	100
CA4.3 - Identificar e saber reaccionar ante situacións que representan unha ameaza na rede escollendo a mellor solución entre diversas opcións e valorando o benestar persoal e colectivo.	Identificar e saber reaccionar ante situacións que representan unha ameaza na rede escollendo a mellor solución entre diversas opcións e valorando o benestar persoal e colectivo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recursos para a protección da información e datos persoais, da identidade e dos contidos dixitais. Configuración en espazos virtuais de traballo.</li> <li>- Seguridade na saúde física e mental: aplicacións ou medidas que deben adoptarse fronte aos riscos e ameazas ao benestar persoal. Opcións de resposta. Situacións de violencia e de risco na Rede.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
9	Dereitos de autor e licenzas en internet	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.4 - Valorar a importancia da protección dos dereitos de autoría, utilizando aplicacións, datos e creacións dixitais de terceiros de xeito ético, respectando as licenzas de utilización.	Diferenciar os tipos de licenza Creative Commons e aplicar criterios de protección de datos ao usar información con dereito de autor.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Uso de recursos e contidos de dominio público ou con licenzas que permitan o seu uso.

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Terase en conta o indicado na lexislación vixente.

En cada unidade didáctica terase en conta a consideración da atención á diversidade e do acceso de todo o alumnado á educación común. Así mesmo, terase en consideración os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos e promovendo a aprendizaxe en equipo.

A metodoloxía didáctica será nomeadamente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes. Poñeranse en práctica mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe.

Promoverase a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula. As actividades de aprendizaxe estarán deseñadas para permitir o alumnado avanzar cara os resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Aproveitaranse as posibilidades que ofrecen as metodoloxías de proxectos, entre outras, así como os recursos e as actividades da biblioteca escolar.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

<b>Denominación</b>
Apontamentos tomados das explicacións feitas polo profesor/a
Caderno individual do alumno
Recursos da plataforma E-dixgal
Material dispoñible na aula: pizarra dixital, taboleiro, ...
Biblioteca do centro
Aula Taller de tecnoloxía
Aula de informática.

Os recursos didácticos de que dispón o alumnado a nivel individual son apuntes tomados das explicacións feitas polo profesor/a, traballos e actividades realizadas na aula con búsqueda de información na web, periódicos, revistas, biblioteca, etc. Todo isto estará plasmado no caderno individual do alumno. Ademais disto, o alumnado estará

registrado en E-Dixgal, e poderá acceder dende a mesma a todos os recursos, contidos, exercicios e outro tipo de material que propoña o profesorado.

Para o alumnado sen acceso a internet, deixaranse copias de contidos clave na conserxería do instituto. Ademais o Instituto dispón de instrumentos para facilitar ditas conexións a este alumnado. Como apoio o centro tamén dispón dunha pequena biblioteca de aula e conexión a internet.

Ademais o centro dispón de:

- Aula Taller de Tecnoloxía de ESO.
- Biblioteca a carón do citado taller.
- Aula de informática.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Na primeira sesión do curso, realizarase unha presentación da materia, explicando as súas características, contidos, obxectivos, así como o método e os criterios de avaliación que se van aplicar. Asemade iniciarase un diálogo co alumnado para permitiralles facerse cunha primeira impresión dos contidos da materia e que o docente se faga unha idea dos coñecementos, hábitos e situación na que se atopan os alumnos/as.

Posteriormente realizarase unha proba inicial para detectar os coñecementos previos do alumnado relacionados cos contidos a traballar na materia e analizar a capacidade para expresarse empregando o vocabulario específico da materia. Consistirá en elaborar un pequeno cuestionario tipo test e preguntas cortas relacionadas coa materia.

Esta avaliación irá encamiñada a explorar o nivel medio do grupo, e a detectar alumnado con dificultades en áreas específicas da materia.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>12</b>	<b>7</b>	<b>14</b>	<b>14</b>	<b>14</b>	<b>14</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>5</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	50	0	0	0	0	0	100	0	0	<b>16</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	50	100	100	100	100	100	0	100	100	<b>84</b>

### Criterios de cualificación:

#### CONCRECIÓN DOS PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Na cualificación, valorarase do seguinte modo:

Proba escrita: 40%

Desenrolo de proxectos no taller: 30%

Entrega de boletíns de exercicios: 20%

Participación e traballo en clase, caderno, intervencións voluntarias para resolución de cuestións: 10%

En cada avaliación realizarase alomenos unha proba escrita.

A nota de cada avaliación será o resultado de aplicar as anteriores ponderacións, considerarase aprobado/a o alumno/a que obteña unha nota igual ou superior a 5.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación de cada unha das 3 avaliacións do curso, virá dada pola media ponderada das cualificacións das unidades didácticas desenvolvidas na avaliación. A ponderación establecerase en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 desta programación.

A cualificación final do curso virá dada pola media ponderada das cualificacións de cada unha das 3 avaliacións do curso. A ponderación establecerase en base aos pesos outorgados a cada unidade didáctica no apartado 3.1 desta programación.

Cálculo da nota final: media ponderada das cualificacións das 3 avaliacións.

### **Criterios de recuperación:**

Atendendo á Orde do 27 de decembro de 2022 de modificación da Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/2023 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia actualízanse os criterios de recuperación do alumnado que teña algunha avaliación non superada da seguinte forma:

- Proporánselle actividades de recuperación das avaliacións non superadas ao longo do curso nos períodos indicados pola/ o profesora/o. Consistirán na entrega de boletíns de exercicios e/ou a elaboración de traballos didácticos semellantes aos realizados en cada Avaliación. O alumnado deberá entregalos resoltos en tempo e forma para a súa avaliación. Estas tarefas puntuarán o mesmo que o fixeron ao longo do curso e contarán co seguimento e apoio na súa elaboración por parte do docente.

- No caso de non entregalos, entregalos incompletos ou incorrectamente elaborados, realizarase unha proba final por cada avaliación non superada entre os días 19 e 21 de xuño segundo o calendario proposto por dirección. Estará baseada nos contidos mínimos do curso propostos na programación.

- Trocarase a nota obtida pola da avaliación correspondente para recalcular tanto a nota final da avaliación a recuperar como a media aritmética do curso (das tres avaliacións). Para poder superar a materia o alumnado deberá obter unha nota media final do curso igual o superior a 5.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Non hai alumnado coa materia de Educación Dixital pendente.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Considéranse varias intervencións para a atención á diversidade do alumnado, sendo as máis frecuentes as referidas a organización de actividades de reforzo.

Canto antes se detecten as dificultades de aprendizaxe mellor se poderán corrixir. Por iso, na avaliación inicial do alumno procurárase detectar o problema de aprendizaxe concreto que presenta o alumno e poderanse ter en conta as seguintes medidas de atención á diversidade:

Con relación aos contidos:

Identificáronse os obxectivos e os contidos básicos, diferenciándoos de outros de carácter complementario. Os contidos que podan presentar dificultades ao alumnado, complementáanse con datos aclaratorios, esquemas, gráficos, mapas conceptuais, etc.

Ademais, eses contidos preséntanse de forma variada e interrelacionados para facilitar a súa xeneralización e aplicación a novas situacións.

Con relación aos aspectos metodolóxicos:

As actividades de aprendizaxe son variadas, que permitan distintas modalidades ou vías de acceso ós contidos e que presenten distintos graos de dificultade. Para elo as actividades desenvolveranse en catro niveis: de consolidación, de reforzo, de ampliación e de repaso. As actividades de consolidación pretenden que o alumnado asimile os conceptos

básicos. As de reforzo están indicadas para o alumnado que non puideron asimilar estes contidos mínimos. As actividades de ampliación serven para que o alumnado afonde algún contido en especial e as de repaso serven para relacionar contidos novos cos xa adquiridos e ter unha visión global.

Ademais, utilizaranse estratexias de ensinanzas diversas, tanto estratexias de exposición como estratexias de indagación, facilitarase a comprensión mediante a utilización de materiais e recursos didácticos como vídeos, encerado, transparencias ou páxinas web, adaptándose ás características psicolóxicas e sensoriais do alumnado.

Con relación aos recursos e materiais:

Dentro dos materiais e dos recursos dispoñibles, seleccionaranse os máis axeitados segundo o alumno e a materia. Proporáselles ós alumnos que aporten á clase recortes de prensa ou revistas ou que comenten noticias que lles preocupan a cada un deles, para motivalos e acercar a materia a súa vida cotiá.

A distribución de espazos, situando na aula ao alumnado que precisen máis axuda nos lugares máis axeitados. Tamén será un factor a ter en conta o reparto dos equipos de traballo.

A distribución de tempos, flexibilizando o momento das probas e traballos.

A distribución dos materiais e dos recursos dispoñibles, seleccionaranse os máis axeitados segundo o alumno e a materia. Proporáselles ós alumnos que aporten á clase e comenten noticias que lles preocupen ou chamen a atención, para motivalos e acercar a materia a súa vida cotiá.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Emprendemento social e dixital	X		X	X				X
ET.7 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde							X	X
ET.9 - Concienciación e formación sobre o cambio climático	X							X
ET.10 - Sostenibilidade e consumo responsable	X							X
ET.11 - Respeto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora	X
ET.2 - Competencia dixital	X
ET.3 - Expresión oral e escrita	X
ET.4 - Comunicación audiovisual	X
ET.5 - Igualdade de xénero	X
ET.6 - Emprendemento social e dixital	X
ET.7 - Creatividade	X
ET.8 - Educación para a saúde	
ET.9 - Concienciación e formación sobre o cambio climático	
ET.10 - Sostenibilidade e consumo responsable	
ET.11 - Respeto mutuo e cooperación entre iguais	X

### Observacións:

A competencia dixital vai ser o eixo vertebrador dunha materia onde a comunicación audiovisual, a expresión oral e escrita, a comprensión lectora e a creatividade van ser traballadas nas tarefas propostas no día a día da materia no aula. Porén, vanse propoñer múltiples actividades para levar a cabo en pequenos grupos onde o alumnado vai traballar a igualdade de xénero e o respeto mútuo e a cooperación entre iguais.

Con todo, nas unidades relacionadas coa arquitectura de ordenadores e co emprego de software ofimático e audiovisual fomentárase a utilización de software aberto, a sostenibilidade e o consumo responsable así como a relación entre o consumo eléctrico, tanto dos nosos equipos personais coma dos servidores de internet, e o consumo de recursos enerxéticos, relacionando estes co cambio climático.

Tamén se vai a fomentar o emprendemento social e dixital xunto coa creatividade na elaboración de traballos prácticos onde den respostas a diferentes necesidades de potenciais clientes.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Debate en gran grupo	O Día Internacional contra a Violencia de Xénero faremos un debate no aula onde se analizará un artigo relacionado co tema.	X		
Debate en gran grupo	O Día Internacional da Muller analizaremos datos estadísticos do sector informático acerca dos porcentaxes de mulleres traballando, os salarios medios, etc.. .		X	

### Observacións:

Vanse a celebrar debates en gran grupo na aula onde se lle pedirá ao alumnado que previamente recollan información sobre o tema para preparar o debate, defendendo as diferentes posturas con argumentos contrastados cun obxectivo final de intentar chegar a conclusións comúns:

25 de novembro de 2023: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

8 de marzo de 2024: Día Internacional da Muller.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Avaliación do proceso docente
Metodoloxía empregada
Avaliación da práctica docente
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Avaliación da práctica docente por parte do alumnado

### Descrición:

Para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente vanse empregar 3 rúbricas. As correspondentes á avaliación do proceso e da práctica docente irá o docente cubríndoas ao longo do curso para detectar ineficacias e, en todo caso, mellorar o proceso de ensinanza-aprendizaxe. Para a consecución deste obxectivo imos tratar de recoller un amplo abanico de información da práctica docente, dende os aspectos metodolóxicos, a avaliación, a atención á diversidade ou o propio grado de interacción cos familias.

Para acadar este obxectivo imos a empregar escalas de observación que mediante unha serie de indicadores de logro vains axudar a avaliar tanto o propio proceso de ensinanza como o rol docente por parte del alumnado.

As observacións serán analizadas trimestralmente nunha reunión do Departamento, onde terá lugar un proceso de coavaliación có obxectivo de realizar unha valoración global do traballo desenrolado. Tamén se fará unha avaliación por parte do alumnado, mediante a comunicación co delegado/a da clase, a través dun cuestionario avaliativo que cubrirán ao finalizar o curso. As conclusións obtidas serán revisadas en conxunto e toda a información relevante ao respecto recollerase na Memoria Final de Curso.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Os membros do departamento de Tecnoloxía, reuniranse con frecuencia suficiente para tratar todos os temas que afecten a materia, como dificultades de aprendizaxe atopadas, material dos talleres, alumnado con materias pendentes, orzamento do departamento e necesidades de material, equipos e ferramentas.

Nestas reunións tratarase o seguimento da programación e o seu desenvolvemento, de xeito tal, que o departamento poida tomar analizar as posibles revisións e modificacións da programación didáctica, indicando os cambios ou modificacións da mesma, en caso de consideralo necesario, para tentar un maior aproveitamento por parte do

alumnado.

## **9. Outros apartados**